



NO BERCE DA LINGUA

Alumnado de 5ºA, 6ºA, 6ºB Ed. INFANTIL e Alumnado de 1ºA e 1ºB
CEIP Plurilingüe de Outes
MODALIDADE II

O CONCEPTO

“No Berce da Llingua” é unha homenaxe ás nosa familias é a súa decisión de falarnos en galego. Unha homenaxe as primeiras palabras de mamá e papá, aos arrosos no colo, aos primeiros sonidos que emitimos... un tributo á lingua e aos vínculos que establecemos con ela desde o berce.

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA DE CREACIÓN

Relación de actividades e procesos

Comezamos a experiencia en todas as aulas cunha búsqueda de información sobre a biografía da autora, que levamos a cabo co material escollido na biblioteca do centro, e visionado de algúns videos.

Posteriormente cada nivel centrou as súas actividades no traballo encamiñado a resolver a parte que lle foi asignada do podcast. En concreto:

5º de EI: Faladoiro sobre lingua materna

- Análise sobre a lingua materna maioritaria na aula.
- Lemos “Non te amola” como primer texto narrativo con capítulos abordado na aula en varios días consecutivos.
- De toda a información analizada na aula chámalles especial atención o texto escrito por Valentín Arias “Xeliña fala galego”, pai de Xela Arias onde se analiza a experiencia dunha nena de catro anos criada en galego. O feito de que nese escrito se fale de Xela Arias na idade de 4 anos (os mesmo sque ten o alumnado desta aula) e de que se analice os beneficios da aprendizaxe de varias linguas desde pequen@s, fai que relacionen o que estamos lendo coas súas propias historias vitais.
- Faladoiros onde reflexionamos sobre: como aprendemos galego? Onde se fala? En que idioma vemos os debuxos? As cancións que escoitamos en que idioma se cantan?

III CONCURSO DE PODCASTS - RADIO NA BIBLIO



6º A e B de EI: Arrolos

- Lectura e análise do texto “Xeliña fala galego” de Valentín Arias, pai de Xela Arias.
- Buscamos arrolos na rede, reflexionamos sobre a lingua na que son cantados.
- Recollemos os arrolos que nos cantan na casa.
- Redactamos e transcribimos unha nota na que pedimos ás familias que nos envíen os arrolos que tradicionalmente se cantaban nas súas casas.

1º A e B: Lemas defensa do galego

- Recollida de datos e análise da lingua máis falada na aula. De igual forma sobre as plataformas, canais que emiten en galego.
- A partir do enfoque constructivista do traballo con textos de uso social, análise das distintas propiedades dos lemas.

FORMACIÓN EN RADIO (ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA)

- Recollida de ideas sobre os temas abordados nos programas de radio que escoitan na casa.
- Adentrámonos tamén nos xéneros e formatos radiofónicos a partir das propostas dadas na aula, escoitando pequenos exemplos de algún dos mesmos: deportes, noticiarios, faladoiros... a través dos podcast da web da Radio Galega.
- Analizamos nos fragmentos escoitados distintos aspectos como: presentacións, música, silenzos, tono da voz...

EN MARCHA

Coa información recollida decidiuse a organización dos disitintos apartados que ían conformar o podcast e a orde na que ían aparecer

Gravamos con cada curso as distintas partes: Faladoiro, lemas e os arrolos coas familias.

Contribución ao desenvolvemento do currículo e das competencias clave, en concreto ás competencias ALFIN e AMI

O proceso posto en marcha introduce o traballo de numerosos elementos prescriptivos do currículo de linguas, tanto do de Educación Infantil como en Educación Primaria, así como outros que non aparecen recollidos de forma expresa no currículo de EI. Teñen relevancia os relacionados co tratamento da información, a expresión oral, o enfoque comunicativo e a educación literaria.

III CONCURSO DE PODCASTS - RADIO NA BIBLIO



No que se refire á Alfabetización Mediática, ademais dos contidos concretos relacionados co proceso radiofónico e a montaxe do programa a nivel técnico, parécenos interesante a vivenciación do proceso de selección de contidos aptoventando o debate sobre temas que nos parecen de interés, sempre desde unha perspectiva crítica. Contribúese de este xeito ao desenvolvemento de estratexias de consumo crítico.

Aproveitamento das posibilidades e os recursos da biblioteca escolar e integración de outros equipos e programas

O proceso de creación deste podcast foi a proposta e coa coordinación da biblioteca escolar do centro, que funcionou ademais como banco de recursos bibliográficos e webgráficos a través dun proceso de curación de material audiovisual co que se creou unha páxina de recursos no blogue.

Vinculouse coas propostas de dinamización da lingua para a celebración do Día das Letras Galegas e recibíuse apoio técnico en algúns momentos do equipo de TICs.

Os podcasts xerados para este concurso inaugurarán ademais a canle de Ivoox da nosa biblioteca, abrindo unha nova liña de traballo inspirada no programa Radio na biblio, do que nos gustaría pasar a formar parte nalgún momento. Está previsto ademais que esta nova canle aumente xa neste curso as súas entradas, coas elaboradas como produtos finais do PDI "*Mens sana in corpore sano*" está agora mesmo en marcha no centro.

GUIÓN E ESCALETA

(EN ANEXO na páxina seguinte)



NO BERCE DA LINGUA

SECCIÓN	GUIÓN
Presentación	Saúdo
Lema	<i>No cole galego, na casa, no parque, na praia...O galego é xenial!</i>
Faladoiro	<i>Faladoiro a partir do texto de "Xeliña fala galego". Reflexións sobre o recoñecemento ás familias pola posibilidade de aprender varias linguas.</i>
Lema	Nunca nos quitarán a fala do noso corazón
Faladoiro	<i>Oportunidades comunicativas do uso do galego.</i>
Lema	Sen galego Galicia non ten futuro, e viviremos eternamente á sombra
Faladoiro	Recoñecemento ás nosas familias
Lema	Falemos galego, non deixemos que se extinga
Arrolos	Dous arrolos (Galego, Brasileiro)
Lema	Sen galego non teremos luz, saúde, imaxinación, diversión nin lingua propia
Faladoiro	Palabras que máis nos gustan
Arrolos	Dous arrolos (Galego)
Lema	Escribimos, lemos, cantamos e divertímonos en galego. O galego saenos do corazón